

---

## Resolución da Secretaría Xeral, de 15 febreiro de 2021, sobre a suspensión das eleccións a representantes en Consellos de Departamento

Á vista do disposto no artigo 53.2º do Regulamento Electoral Xeral (REX, en adiante) da Universidade de Vigo, onde se indica que *“correspóndelle ao reitor/a convocar as eleccións de representantes nos consellos de departamento, despois da aprobación do calendario electoral pola comisión electoral”* (subliñado engadido),

Á vista do disposto no artigo 9.1º do REX, segundo o cal *“en xeral, correspóndelle á comisión electoral (...) resolver todos os problemas e dúbidas que se poidan presentar nestas e demais eleccións consideradas nos Estatutos da Universidade de Vigo”* (subliñados engadidos),

Á vista do disposto no artigo 7.3 do REX no que se indica que *“os órganos de goberno da universidade colaborarán, así mesmo, coa administración electoral na organización e xestión dos procesos electorais nos asuntos que lles sexan encomendados, baixo a supervisión da Secretaría Xeral”* (subliñado engadido),

Á vista do disposto na Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se recomenda que as actividades en centros universitarios se realicen de forma telemática sempre que sexa posible; na que se sinala que a actividade docente nas ensinanzas universitarias correspondente ao segundo cuatrimestre comezará, nas tres universidades públicas galegas, o luns 8 de febreiro, restablecéndose a docencia exclusivamente en modalidade non presencial durante o período a que se estenda a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde, podendo as probas de avaliación das materias do primeiro cuatrimestre manterse nas datas e modalidades previstas en cada universidade; e na que se establecen diferentes disposicións que afectan ás instalacións e servizos da Universidade,

Á vista do disposto no punto primeiro da na Resolución Reitoral, do 27 de xaneiro de 2021, para a adecuación da actividade docente na Universidade de Vigo ás novas restricións adoptadas pola Xunta de Galicia o 26 de xaneiro do 2021 por razón da pandemia causada pola COVID-19, ditada en substitución da anterior sobre este asunto coa mesma data, no que se indica que *“todas as actividades docentes de grao, máster e doutoramento do segundo cuatrimestre sexan adiadas ata o 8 de febreiro, suspendéndose ata ese día aquelas que xa comezaran, e pasando á modalidade en liña entre o 8 e o 17 do dito mes, ambos inclusive...”*,

Á vista de que os calendarios para as eleccións a representantes en consellos de Departamentos (PDI-PAS e alumnado), previamente aprobados pola Comisión Electoral na súa xuntanza do 25 de novembro do 2020, fixan entre o 17 e o 19 de febreiro de 2021 as datas para a campaña electoral, así como no 23 do dito mes para a votación,

Á vista da toma de postura acadada por asentimento unánime da comisión electoral na súa xuntanza do 12 de febreiro do 2021, na que se indica que *“á causa da situación epidemiolóxica, propónse que as eleccións sexan adiadas se no día 22 de febreiro aínda non se permitiu a docencia presencial na Universidade de Vigo pola Xunta de Galicia”*, delegando na secretaría xeral a execución destas instrucións,

Á vista do anuncio feito pola Xunta de Galicia o día 15 de febreiro de 2021 sobre o adiamento do retorno á docencia presencial nas aulas universitarias ata o 1 de marzo do 2021, dada a persistencia das condicións epidemiolóxicas que así o aconsellan,

---

En exercicio das competencias atribuídas pola Resolución Reitoral de 26 de maio do 2020 (DOG do 4 de xuño), esta Secretaría Xeral

## RESOLVE

**Primeiro:** suspender, nas actuais eleccións convocadas a representantes en consellos de departamento, tanto de PDI e PAS como de alumnado, a execución dos seus respectivos e idénticos calendarios electorais a partir do primeiro día (inclusive) fixado para a campaña electoral, quedando ambos adiados en dúas semanas e comezando de novo o cómputo previsto no día 3 de marzo, na mesma orde e secuencia fixadas.

**Segundo:** que a presente resolución entre en vigor no día hábil seguinte ao da súa sinatura.

*Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

O Secretario Xeral  
(por delegación do Reitor)